

# A AELG presenta as actividades polo Día de Rosalía

As migracións e as inxustizas sociais protagonizan as propostas escolares para este 24 de febreiro

29 / 1 / 2020 *Santiago. Redacción*

O web da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega acolle xa o manifesto que redactou Daniel Asorey para conmemorar o Día de Rosalía este 2020. Canda a isto, o espazo na rede do colectivo recolle as iniciativas previstas para lembrar a poeta este 24 de febreiro, baixo o lema "Ambos errantes polo mundo andamos".



Para alén de animar a cidadanía a agasallar libros e flores e do acto central o día 23 no Panteón de Galegos Ilustres, a AELG proponse aos centros de ensino desenvolver actividades "que permitan ao alumnado observar e reflexionar sobre a vivencia do amplo abano de inxustizas sociais, incluída a situación da lingua galega, presentes na obra de Rosalía de Castro".

Envíos de postais ou traballos sobre fotos, debuxos ou gravados sobre o tema das migracións actuais e acompañados por versos de Rosalía son algunhas das iniciativas que promove o colectivo para pór nas redes baixo o lema #ErrantesPoloMundo\_rdc\_20. Canda a isto, anúncianse diferentes actos conmemorativos en Ferrol, Betanzos, Foz ou Sargadelos.